

FEAs: SERVICIOS PRESTADOS EN HOSPITAIS DIFÍCIL COBERTURA

Os servizos prestados nos hospitais de difícil cobertura puntúan como mérito para a carreira profesional ordinaria ou co triplo de puntuación para OPE ou concurso de traslados. **Para que esta puntuación sexa efectiva, é necesario recoller esta actividade no sistema informático RHPYN** que emprega o SERGAS.

Desde CCOO detectamos que **esta recollida de información non se está a facer correctamente**, xa que son os servizos asistenciais (xefes/as de servizo) os que deben trasladar esta información aos servizos de persoal (ou a quen teñan estipulado), e isto non se está a facer de forma axeitada en todos os casos.

Na actualidade, **as persoas traballadoras NON poden comprobar en FIDES** se estes datos están correctamente rexistrados, polo que **poden verse prexudicadas no momento en que se abra un proceso** (OPE, concurso de traslados ou carreira profesional) sen ter coñecemento de se se lles vai a baremar.

CCOO solicita ao SERGAS:

- **Que se rexistren todos e cada un dos días nos que un/ha FEA preste servizos nun hospital de difícil cobertura.**
- **Que cada profesional poida acceder desde o seu FIDES a este rexistro para verificar se a información está a ser recollida correctamente.**

Para máis información, acode a túa sección sindical de CCOO

24 de xullo do 2025